ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP FOGAR
CURSO: 4º PRIMARIA
MATERIA:LENGUA C- LENGUA GALEGA-MATEMÁTICAS-CC.SOCIAIS-CC.NATURAIS-INGLÉS-E.FISICA-PLÁSTICA-E.MUSICAL-RELIXIÓN-VALORES.
DATA: MAIO 2019

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

ÁREA CIENCIAS SOCIAIS	4º E. PRIMARIA
1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais	Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.
Explicar e comparar as distintas formas de representar a superficie terrestre identificando os polos, o eixe e os hemisferios e analizar cal delas reflicte mellor a realidade á que representa.	Explica e compara as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos identificando polos, eixe e hemisferios.
Explicar que é o tempo atmosférico, coñecer os instrumentos de medida, o seu uso, realizar medicións e interpretacións de gráficos a través dos datos recollidos nunha estación meteorolóxica.	Define tempo atmosférico, identifica os distintos instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos clasificándoos segundo a función e información que proporcionan.
Adquirir o concepto de litosfera, coñecer algúns tipos de rochas e a súa composición identificando distintos minerais e algunha das súas propiedades e usos.	Identifica e explica as diferenzas entre rochas e minerais, describe os seus usos e utilidades clasificando algúns minerais segundo as súas propiedades

ÁREA DE LENGUA CASTELLANA 4º E. PRIMARIA	
1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoitar.	Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos con certa claridade e aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa.
Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais sinxelos.	Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais.
. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.	Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.
Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, orde e presentación.	Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelo do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas….
Escribir os textos establecidos no Plan de escritura.	Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa

	idade e nivel.
Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua.
Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información.	Valora de forma global, as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos.

ÁREA DE MATEMÁTICAS 4º E. PRIMARIA	
1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas:revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc.
Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as centésimas.	Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma,	Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta,

resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	multiplicación e división (de ata dúas cifras) con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.

ÁREA DE LÍNGUA GALEGA 4º ED. PRIMARIA	
1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprender e producir de textos orais breves para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase ou debates).	Elabora e produce textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente a secuencia de ideas, feitos, vivencias e as súas opinións e preferencias, utilizando o dicionario se é preciso.
Amosar interese por expresarse en público coherentemente, usando nexos básicos adecuados e presentando estratexias elementais para facer comprender a mensaxe.	Amosa un discurso oral claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega.

Comprender, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (web infantís, libros, carteis).	Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, adecuado á súa idade.
Utilizar, de maneira xeral, estratexias para mellorar a lectura.	Deduce, de maneira xeral, o posible contido dun texto antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.
Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información.
Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás .	Escribe textos coherentes empregando algúns elementos de cohesión para describir e resumir situación da súa vida cotiá.
Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, interliñado… en calquera soporte.
Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas.	Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas.
Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como construír correctamente as oracións desde o punto de vista sintáctico, nas producións orais e escritas.	Emprega con correccións os signos de puntuación.
Identificar intuitivamente o suxeito e o predicado, así como o papel semántico do suxeito, para mellorar a comprensión e a produción de textos.	Sinala intuitivamente o verbo e os seus complementos, especialmente o suxeito, en oracións.
Usar o dicionario en papel ou dixital, con certa autonomía.	Usa, con certa autonomía, o dicionario en papel ou dixital.
Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas de uso habitual,	Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras.

para comprender e producir textos.	
Valorar a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.	Identifica e valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.
Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega, así como da literatura galega en xeral.	Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral.

ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS 4º E. PRIMARIA	
1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.	Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.
Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.
Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de	Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferencia prácticas e mensaxes que son

alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.	contraproducentes para a saúde.
Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno.	Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados e plantas do seu contorno, con criterio científico.
Planificar, observar e comparar, empregando os instrumentos e o material necesarios e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo.	Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.

ÁREA DE LINGUA INGLESA 4º E. PRIMARIA	
1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe.	Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade
Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas	Participa en situacións reais ou simuladas de

de comunicación sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases coñecidas e de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos.	comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles
Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.	Amosa unha actitude de escoita atenta.
Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.	Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións).
Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para	Utiliza de xeito guiado as TIC para a produción de textos

completar actividades preelaboradas polo persoal docente.	sinxelos.
Obter e dar información persoal, sobre o seu contorno máis inmediato en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.	Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos.
Expresar nocións básicas relativas a rutinas, tempo, vestimenta	Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, vestimentas…
Solicitar e comprender o permiso, o acordo, a información, a preferencia, a axuda ou o desexo, a capacidade entre outras.	Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade.
Utilizar vocabulario e estructuras axeitadas para falar sobre medios de transporte e formas de desplazamento.	***Recoñece e utiliza vocabulario e gramática axeitada para expresarse en referencia aos medios de transporte e desplazamentos.***

ÁREA DE E. MUSICAL 4º E. PRIMARIA	
1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son	EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.

B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.	EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto
B1.4. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas.	EMB1.4.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos. EMB1.4.2. Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión.
CB2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para representacións dramáticas.
ÁREA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA 4º E. PRIMARIA	
1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Recoñecer e identificar as formas naturais e artificiais, as texturas, os códigos e as técnicas básicas das obras plásticas, e expresar as súas diferenzas.	Representa formas naturais e artificiais presentes no contexto, utilizando instrumentos, técnicas e materiais adecuados na súa obra persoal.
Interpretar o contido das imaxes e das representacións do espazo presentes no contexto, identificando as posicións dos elementos plásticos no espazo.	Interpreta e valora a información obtida de imaxes no contexto social, e elabora e comunica informacións básicas.
Coñecer e utilizar materiais, técnicas e códigos diversos que se utilizan nas producións artísticas.	Representa formas naturais e artificiais con diferentes formas, cores, texturas e materiais
Coidar e usar correctamente os materiais, os instrumentos e os espazos,	Desenvolve hábitos de orde e limpeza, e usa de forma responsable e axeitada os materiais, os instrumentos e os espazos
Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e	Analiza, de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada, imaxes fixas atendendo ao tamaño, formato, elementos básicos

históricos, comprendendo, de maneira crítica, o significado e función social, sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.	(puntos, rectas, planos, cores, luz, función, ...).

ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA 4º E. PRIMARIA	
1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadasfacendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	Utiliza as novas tecnoloxías para ocalizar a información que se lle solicita. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións.
Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación	Mellora a súa eficacia nas repostas motrices ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles.
Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas	Realiza desprazamentos, saltos e xiros en diferentes tipos de contornos e en actividades físico-deportivas e artísticoexpresivas, intentando non perder o equilibrio nin a continuidade.
Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades motrices..	Coñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices
Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o	Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade, etc).

benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.	Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.
Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.	Ten en conta a seguridade na práctica da actividade física.
Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físicodeportivas.	Distingue as capacidades físicas básicas implicadas nos xogos e nas actividades deportivas.

1. ÁREA DE VALORES 4º E. PRIMARIA	
2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Crear unha imaxe positiva de un mesmo tomando decisións meditadas e responsables, baseadas nun bo autoconcepto.	Expresa a percepción da súa propia identidade relacionando a representación que fai de un mesmo e a imaxe que expresan das demais persoas.
Estruturar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva	Reflexiona, sintetiza e estrutura os seus pensamentos.
Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.	Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos.
Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.	Participa na resolución de problemas escolares con seguridade e motivación.
Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un	Desenvolve actitudes de respecto e solidariedade cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social

bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais.	
Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	. Expresar con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións.
Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía	Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala.
Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	Respecta e acepta as diferenzas individuais.
Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.	Respecta as regras durante o traballo en equipo.
Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.	Respecta as normas do centro escolar.
Comprender e valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia, argumentando en base a procesos de reflexión, síntese e estruturación.	Expón de forma argumentada a importancia de valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia.

ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA 4º EDUCACIÓN PRIMARIA	
2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Descubrir nos relatos das relixións antigas a experiencia do pecado humano.	Localiza e describe situacións de pecado descubertas nos relatos das relixións antigas.
Identificar a necesidade do perdón para ser feliz.	Recorda e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan de

	perdón.
Identificar a orixe do pecado nalgúns relatos bíblicos.	Sitúa no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rexeitamento da amizade con El, e aplícaas a situacións actuais.
Comprender o significado dalgunhas parábolas do perdón.	Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano.
Recoñecer a iniciativa de Xesús polos máis necesitados e os enfermos.	Comenta trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e os enfermos, nos textos evanxélicos.
Comprender e apreciar que, na súa paixón e morte, Xesús está cumprindo a vontade do Pai.	Secuencia ordenadamente escenas da Historia da Paixón e identifica as palabras de Xesús que expresan a súa relación co Pai.
Diferenciar signos e momentos da celebración eucarística.	Vincula símbolos, significados e momentos na celebración eucarística.

3. Avaliación e cualificación	
Avaliación	**<u>Procedementos:</u>** Os procedementos de avaliación adecúanse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020. Non obstante, dáselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo e global, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou á alumna. O centro flexibiliza, en consecuencia, os criterios de avaliación previstos para cada curso, identificando e valorando especialmente as aprendizaxes máis relevantes e imprescindibles para a continuidade do proceso educativo, o reforzo e a consolidación das aprendizaxes realizadas nos dous primeiros trimestres do curso. Estes criterios de avaliación teñen un carácter diagnóstico e formativo, e permiten as adaptacións necesarias das programacións didácticas do seguinte curso 2020-2021, para incorporar aqueles obxectivos, contidos e aprendizaxes que, polas circunstancias especiais do terceiro trimestre, non fosen abordados.
	Instrumentos: Na actualidade, e por mor das circunstancias especiais, os instrumentos de avaliación que empregaremos de forma preferente son: a)Seguimento das actividades baixo o control titorial nas diversas canles estipuladas a tal efecto. b)Outros que poidan establecerse segundo as propostas telemáticas establecidas.
Cualificación final	A avaliación e cualificación do alumno adáptase as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como ás actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, polo que en atención ao criterio de avaliación continúa consignarase a cualificación final coa media das dúas primeiras avaliacións podendo ser esa cualificación modificada, sempre en beneficio do alumnado, ata nun máximo dun 20% segundo as condicións e características do traballo desenvolvido desde a suspensión da actividade lectiva presencial nas aulas físicas , e atendendo á adecuación do mesmo, seguimento activo das aprendizaxes e implicación e grao de calidade nas tarefas propostas e/ou entregadas. Poderá promocionar alumnado, e de maneira excepcional, neste curso 2019-20 sen ter en conta limitacións que afecten ao número de áreas pendentes. Haberá un informe individual que terá carácter informativo e orientador, detallando

	aquelas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas a causa das circunstancias do terceiro trimestre, e que deberán ser obxecto de tratamento durante o próximo curso escolar 2020-2021

4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Desenvolvemento de actividades de repaso, recuperación, reforzo das aprendizaxes e competencias adquiridas nos dous primeiros trimestres así como ampliación das aprendizaxes tomando como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que requiran unha mínima intervención docente para a súa adquisición. Todas estas actividades son globalizadoras e interdisciplinares, debidamente titorizadas, e tentan promover o traballo cooperativo entre o persoal docente e equipos docentes das distintas áreas e inciden en promover aspectos de reflexión, hábitos de autonomía na xestión do traballo por parte do alumnado, ao tempo que conxugan o aspecto máis interdisciplinar e activo da tarefa, buscando una xestión de recursos diversa e continua. Tamén se deseñan unhas actividades específicas enfocadas a axudar a adquisición de competencias daqueles alumnos que non o conqueriron nos primeiros trimestres.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A metodoloxía a desenvolver neste período será activa, innovadora, proporcionará ao alumnado o apoio e seguimento necesario para facilitar o asentamento da súa aprendizaxe, a recuperación e reforzo das competencias e a asimilación de novas facetas que requiran un mínimo de intervención directa e que fomenten a autonomía e progresión paulatina das aprendizaxes do discente. Así mesmo o nivel e coa finalidade de axudar ao alumnado organizarase a actividade de xeito gradual con unha continua progresión, autorregulando a súa aprendizaxe e mantendo un bo estado emocional. Así mesmo o nivel, por medio da súa coordinación, organizará os recursos de apoio para favorecer na medida do posible a axeitada atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, favorecendo o seu acceso ao currículo por medio da adaptación dos instrumentos, tempos e apoios que aseguren una adecuada atención e avaliación deste alumnado. Porase, asemade, especial coidado na atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Para iso contarase co asesoramento do equipo de Orientación que programará as medidas necesarias para a atención á diversidade segundo o Plan Xeral (PAD) elaborado a principios de curso. Igualmente dotarase da formación específica ao alumnado para o traballo telemático, o manexo das Aulas Virtuais e calquera outra tarefa específica a tal efecto. O alumnado sen conectividade será identificado (como xa se fixo a comezos deste período) e manterase con eles un seguimento continuo por outros medios, podendo trasladarlle medios materiais específicos (tablets ou ordenadores se fora posible) ou imprimíndolle as tarefas e facendo a entrega dese traballo de forma semanal e habitual. Asi mesmo

	incidirase na xestión titorial con maior incidencia nestes casos, favorecendo calquera axuda que o alumnado poida reclamar.
Materiais e recursos	Os materiais específicos que se trasladen de forma telemáticas e os materiais habituais de traballo no ámbito docente. Igualmente deberemos trasladar e insistir en proporcionar calquera axuda de materiais que poida necesitar o alumnado para o desenvolvemento axeitado das súas tarefas.

5. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Toda comunidade educativa, en especial as familias e alumnado, serán informados deste procedemento ao traverso das distintas canles de publicación que emprega o Centro; -Información por Abalar Móbil. -Información en Páxina WEB -Información en enlace en Aula Virtual. -Información con nota de enlace en Taboleiro -Información por comunicación Titorial
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro e demais medios habituais do Centro.